



INSTRUCCIÓN DE APLICACIÓN DO PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRONTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA, ESPECÍFICAS PARA ESCOLAS INFANTÍS 0-3 (17-01-2022)

A Consellería de Sanidade vén de publicar o 14/01/2022 a actualización PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRONTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA, unha vez que se fixo pública a *"Guía de actuación ante a aparición de casos de covid-19 en centros educativos a un contexto de alta circulación de virus SARS-CoV-2"*, aprobada polo relatorio de Alertas e Plans de Preparación e Resposta e pola Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial o 08/01/2022, e que vén a incorporar novidades no día a día da xestión dos casos positivos Covid-19 nos centros escolares para o ámbito de 0 a 12 anos.

Segundo o protocolo deseñado desde a Dirección Xeral de Saúde Pública e a de Asistencia Sanitaria da Consellería de Sanidade que se adxunta, e en aplicación de dita Guía, **establécense dous escenarios posibles para casos confirmados de COVID-19 nos centros de educación infantil e primaria.**

Co obxectivo de facilitar a súa aplicación nas escolas infantís 0-3, desde a Consellería de Política Social, en coordinación coa Consellería de Sanidade, eláboranse estas instrucións de aplicación nos centros de educación infantil do primeiro ciclo 0-3. Neste centros, atenderase exclusivamente á porcentaxe do 20% da aula ou da contorna específica do caso positivo.

En caso de aparición dun positivo, poden darse dúas situacións:

- **SUPOSTO 1:** Para casos esporádicos cando o número de casos positivos confirmados non superen o 20% do total de nenos/traballadores dun grupo de convivencia estable, ou dunha "contorna específica" determinada.

Neste primeiro suposto **non se producirán confinamentos**, e polo tanto **tampouco procede realizar a identificación dos contactos estreitos dese positivo no centro educativo para enviar ao CSC**. Con todo, os centros si que terán en conta para comunicar o caso positivo ás familias.

O responsable COVID do centro poráse en contacto coa CSC para comunicar unicamente o caso positivo e atender ás indicacións que lle dean desde a central de seguemento.

A comunicación dun caso positivo farase ao CSC coa maior brevidade posible, deixando constancia por escrito a través de mail dirixido a educacion.csc@sergas.es ou aqueloutro que vos indique a persoa que atenda a chamada. En principio non se lle remitirán os listados de contactos estreitos, sempre que non superen os casos positivos ao 20% do total do grupo.



No suposto de que entre os contactos estreitos existiran **persoas con inmunodepresión ou especialmente vulnerables (nenos, nenas ou traballadores) deberase identificar a estas persoas dentro da rede de contactos do positivo, e notificar esta situación á Central de Seguemento de Contactos** no número habitual [981.21.90.16](tel:981.21.90.16), en horario de 9:00 a 22:00 horas, e enviálo por mail na dirección de correo indicada.

A CSC valorará se esa persoa vulnerable trátase dun contacto estreito e as medidas de aillamento para esa persoa en concreto. O mesmo ocorrería para o caso de ter entre os contactos unha traballadora embarazada.

O responsable COVID do centro **comunicará ás familias que o neno/a é contacto dun positivo**, gardando a necesaria confidencialidade sobre o caso en concreto. Tamén pedirán ás familias que nos dez días posteriores ao último contacto co positivo, que **realicen "vixilancia"** de tal xeito que se se observe algún tipo de síntoma no neno/a, este non acuda ao centro e se poñan en contacto co seu médico, ademais de que se extremen as precaucións e reducir as interaccións sociais, sobre todo as relacións coas persoas vulnerables. **Caso de aparición de síntomas** a familia chamará ao [881.540.045](tel:881.540.045), e ou comunicará á escola.

O 20% do total do grupo estable de convivencia ou dá contorna específica calcularase tendo en conta a suma dos nenos/as e persoal da aula que foran contacto do positivo no período que se considera de contacto (48 horas para atrás dende o inicio de síntomas, ou do resultado positivo no caso de asintomáticos). Sobre este total calcularase o mínimo do 20% do número resultante. Este criterio aplicarase do mesmo xeito a agrupamentos puntuais que no documento de sanidade defínense como **"contornas específicas"** (falamos de aulas ou agrupacións puntuais como as mixtas de primeira ou última hora, comidas/merendas, sestas compartidas...)

- **SUPOSTO 2: "Agrupación de casos COVID nun centro educativo", para os casos que superen o 20% do total de nenos dun grupo estable de convivencia ou outro agrupamento ou "contorna específica" nun período igual ou inferior a 7 días.**

Neste suposto o centro comunicará de inmediato á CSC indicando de que aula ou grupo se trata e o número de casos confirmados que superarían ese 20% do total. Será o CSC quen traslade ás xefaturas territoriais o posible caso de transmisión non controlada no centro, para que avalíen a cadea de transmisión no centro educativo. Neste caso, deberemos enviar a listaxe **de posibles contactos estreitos como xa viñamos facendo a través de correo electrónico**, cando así volo demanden nunha táboa excel, quen vos dará as instrucións pertinentes seguindo as indicacións de corentena ou vixiancia segundo o que estableza a Xefatura Territorial correspondente.

As familias dos contactos estreitos neste suposto deberán seguir medidas de corentena ou vixiancia e recibirán **información directa da CSC mediante SMS ou chamada telefónica**, indicándolle medidas de prevención a seguir. Esta comunicación non ten que ser inmediata e pode demorarse ao seguinte día, polo que a dirección do centro notificará as familias a existencia dese caso.